

O alumnado de 1º durante este curso estivo a investigar a Arte en Betanzos.

Os nenos e nenas de 1ºC e 1ºD indagaron sobre quen era Sofía Feliú, pintora que coñeceron nunha visita ao Museo das Mariñas, que aínda que non é betanceira pintou moitas paisaxes, lugares e xentes da nosa vila. Ademáis, esta pintora, colaborou con Francisco Vales Villamarín, persoa que, de nome, todos e todas coñecemos ben, por ser o nome do noso cole... Pero estivemos a profundar sobre a súa vida e o seu traballo.

Aquí vos deixamos un audio no que a rapazada destas aulas cóntannos todo o que aprenderon destes artistas vinculados a Betanzos, dunha ou outra maneira....

Esperamos que aprendades un chisquiño da nosa historia!